

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1

SESION EXTRAORDINARIA DO 17 DE XANEIRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

NON ASISTE:

Conde Gil, Jorge

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e catorce minutos do día dezasete de xaneiro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira,

López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Conde Gil. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral accidental don Benjamín Suárez Sánchez.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día do 3 de xaneiro para o día de hoxe ás 9,00 horas. Constátase quórum. Ábrese sesión pública. Procedemos co punto da orde do día.

ÚNICO.-(1) DEBATE DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- De conformidade co convido na sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de decembro de 2010, durante o curso do debate do punto 6.1 “Moción do grupo municipal do BNG de rexeitamento ao anteproxecto de lei de creación da Área Metropolitana”, a Alcaldía-Presidencia convoca ao Pleno da Corporación para debater sobre o devandito asunto.

Proposta de acordo presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular

“Apoiar o anteproxecto de Lei da Área Metropolitana que a Xunta de Galicia está a tramitar, co callo de que conclúa cun proxecto de lei que se presente no Parlamento de Galicia no ano 2011.”

Proposta de acordo presentada polo Grupo Municipal do BNG:

- Poñer en marcha a Lei da Área Metropolitana liderando o consenso

necesario coas outras dúas forzas políticas que configuran a representación lexítima do pobo galego.

- Unha lei que debe contemplar claramente:

A capacidade xurídica clara da futura Área Metropolitana así coma a súa configuración coma un ente territorial capaz de vertebrar o territorio dos catorce concellos que a formarán.

Un financiamento xa aclarado na propia lei onde se recollan as achegas das administracións para que non sexan os concellos en exclusividade quen financien a futura Área Metropolitana; a tal efecto a lei debe recoller que os recursos da Deputación de Pontevedra deben transferirse no que afecta aos catorce concellos directamente á Área Metropolitana, así coma os distintos servizos e competencias que esta administración ven prestando, aos efectos de non crear duplicidades innecesarias e malgastadoras.

- Que a propia lei contemple e resolva a forma concreta de vertebrar os servizos necesarios que terá que acometer a futura Área Metropolitana.

Baixo estas premisas é posible elaborar unha lei dende o consenso e non dende a batalla partidista ou electoral.”

Proposta de acordo presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:

Diante da oportunidade histórica de constitución da Área Metropolitana de Vigo, queremos deixar constancia de que a creación deste ente supramunicipal supón un obxectivo político irrenunciable.

As transformacións do territorio deben comportar, necesariamente, transformacións nas formas do gobernar. Por iso, consideramos que é necesario construír espazos para a planificación, a coordinación e a xestión eficaz dos recursos nos espazos urbanos, cos municipios que están fortemente integrados na nosa área de influencia, en termos xeográficos, económicos, sociais e mesmo humanos.

Unha instancia de coordinación metropolitana entre os municipios que compartimos necesidades e que debemos ser quen de establecer economías de escala na prestación de determinados servizos, co resultado dunha xestión máis eficaz, máis coordinada e máis económica para os cidadáns.

A nova articulación territorial de Vigo e a súa área debe facernos máis competitivos como país, contribuíndo a unha maior eficacia e eficiencia das institucións actuantes no territorio; debemos evitar o solapamento de administracións, que provocan descoordinación e desequilibrio.

Con este fin de non duplicar administracións e, sobre todo, de non gravar máis aos cidadáns con novos impostos, faise necesario que o goberno autonómico e

especialmente a deputación provincial cooperen no financiamento da área metropolitana, de forma que se racionalicen os gastos, que se eviten duplicidades, para que -en aras da eficacia- xestione directamente determinados recursos a administración máis próxima aos cidadáns.

En definitiva, colaboración e cooperación interna entre as nosas cidades para garantir a nosa competitividade externa, no contexto do autogoberno, nun marco relacional de proximidade, cooperación e lealdade institucional co resto de administracións.

Consideramos que se debe traballar baixo os principios de descentralización participativa e coordinación autonómica, nun novo modelo de municipalismo, con suficiencia financeira e con solvencia, sen incrementar a presión fiscal sobre os cidadáns.

Estamos ante un momento histórico; Vigo e a súa área deben aproveitar esta oportunidade para afrontar os retos de futuro creando un espazo metropolitano cunha concepción moderna do territorio, na que os propios territorios teñan unha actitude activa nos procesos de desenvolvemento.

Debemos responder aos retos da renovación e rexeneración urbana, mellorando a calidade de vida dos cidadáns e a nosa competitividade económica. Estes obxectivos só se poden acadar mediante unha ordenación e desenvolvemento do territorio eficaz a nivel metropolitano.

A Área Metropolitana de Vigo debe ser unha estrutura espacial que permita impulsar as nosas forzas produtivas, ampliar os nosos mercados e incrementar as oportunidades empresariais, económicas e sociais. En definitiva, debe ser un axente transformador e un elemento de desenvolvemento das nosas capacidades e potencialidades.

Traballaremos para crear unha Área Metropolitana eficaz, eficiente, sostible, solvente e socialmente responsable, aproveitando os beneficios das economías de escala, o que nos permitirá combater as desigualdades sociais que se poidan provocar, entre outras cousas, pola disparidade na oferta de servizos públicos esenciais.

Precisamente, esa responsabilidade social, lévanos considerar que unha formulación sostible de mellora da calidade de vida dos cidadáns desta área, esixe unha acción integrada de carácter social, económico, ambiental e territorial para acadar unha mellora do benestar da área no seu conxunto, fortalecendo a cohesión social e territorial.

Deberase constituír unha masa crítica potente e competitiva, utilizando os recursos materiais e inmateriais da área para afrontar os desafíos e resolver os problemas dos cidadáns, prestando máis e mellores servizos, de forma máis eficiente.

Así deberase acelerar ao máximo a tramitación do anteproxecto de Lei de

Creación da Área Metropolitana de Vigo, de modo que o texto legal poida ser aprobado no primeiro semestre do ano 2011 polo Parlamento de Galicia.

A Lei que se aprobe no Parlamento de Galicia, deberá constituír na área metropolitana de Vigo un escenario de cooperación territorial e institucional, que baixo os principios de descentralización participativa e coordinación autonómica, conforme un novo modelo de municipalismo, con suficiencia financeira e solvencia, que evite a duplicidade e o solapamento ineficaz de administracións.

A Lei de Creación da Área Metropolitana de Vigo deberá nacer do consenso e do diálogo cos concellos implicados, propiciando a colaboración e cooperación interna entre as nosas cidades para garantir a nosa competitividade externa. Unha Lei que garanta unha Área Metropolitana eficaz, eficiente, co máximo teito de competencias, sostible, solvente e socialmente responsable, que aproveite os beneficios das economías de escala para combater as desigualdades sociais e incrementar a calidade de vida dos cidadáns, sen gravar con novos impostos nin con maior presión fiscal aos habitantes da área.”

DEBATE.- A PRESIDENCIA: O debate realizarase en quendas de un cuarto de hora inicial dos grupos por orde de menor a maior e outra quenda de cinco minutos cada unha dos tres grupos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero empezar comentando a satisfacción do Bloque Nacionalista Galego e tamén a miña propia por teren este Pleno extraordinario xa que no anterior Pleno este grupo fixo fincapé na importancia de que, un tema tan primordial como é a futura lei de área metropolitana, tivera un espazo acaído no tempo para poderen reflexionar e o máis importante para que cada quen poida expoñer claramente as súas razóns e as súas argumentacións a prol ou non en canto a este anteproxecto de lei de creación de área metropolitana.

Nós vimos a este Pleno cun obxectivo fundamental que xa expresamos: que sería moi bo para esta cidade que nos puxeramos de acordo e que dalgún xeito os tres grupos que hoxe temos a representación política da cidade máis importante e que sen ningunha dúbida ten que abandeirar esta área metropolitana, puidésemos chegar a acordos para instar á Xunta de Galicia, que é o goberno que ten a potestade de legislar esta lei, que o faga atendendo ás indicacións desta Corporación municipal tamén.

O Bloque Nacionalista Galego quere a área metropolitana. O Bloque Nacionalista Galego iniciou alá polo ano 1999 un percorrido precisamente co obxectivo de

procurar e conseguir que Vigo e a súa área de influencia tiveran mellores servizos, mellor calidade de vida. Daquela o BNG tiña moi claro que a área metropolitana era precisa e necesaria para Vigo e a súa área.

Un traballo de pulo da área metropolitana que comeza dende o primeiro momento cunha clara vontade de consenso, cunha clara vocación de que a área metropolitana servise para responder ás necesidades de progreso, de modernidade e sobre todo para responder ó pulo necesario precisado polos catorce concellos. Por iso se chegou a unha declaración, a declaración de Soutomaior para a constitución da área metropolitana de Vigo, unha declaración feita por consenso e por unidade dos catorce concellos que daquela participaron. Quero dar un dato que coido é moi importante. Daquela a configuración dos catorce concellos dicía que o Bloque Nacionalista Galego, impulsor desta declaración, só contaba cunha alcaldía deses catorce concellos. Pola contra o Partido Popular tiña a maioría máis que absoluta deses catorce concellos habida conta que contaba con dez alcaldías. Este é un dato moi importante para o que logo me vou referir.

Dende aquel traballo e dende aquela todo o mundo, Partido Popular, PSOE e Bloque Nacionalista Galego, tiñamos claro que necesitábamos un organismo cunha entidade que tivese capacidade xurídica propia para incidir realmente neses problemas da cidadanía. Daquela tiñamos todos claro que era necesario artellar unha área metropolitana con capacidade xurídica propia, é dicir, con capacidade e autonomía propia para deseñar as políticas de futuro desa área metropolitana.

Anteproxecto de lei que presenta o Partido Popular: nada que ver neste primeiro punto, absolutamente nada que ver con aquela intención.

Para comezar créase un comité de cooperación que, entre as poucas atribucións que terá, vai ter nada máis nin nada menos que a de determinar e coordinar, previa á súa identificación, as actuacións que na área metropolitana decidan executar en común as tres administracións.

Estas son as competencias que o anteproxecto lle dá ó comité de cooperación. Este comité está formado por seis persoas: dous representantes da Xunta, dous representantes da Deputación e dous representantes da área metropolitana.

Isto é blindar a futura lei de área metropolitana para que todo aquilo que se

deseña nunca sexa na contra dos intereses do Partido Popular. Por iso se blinda este comité de cooperación coa representación maioritaria da Xunta e da Deputación. Que casualidade que son as institucións onde hoxe goberna o Partido Popular.

En segundo lugar tiñamos claro nesa declaración de Soutomaior, tanto o Bloque, como o Partido Socialista, como o Partido Popular, que queriamos que fose un ente territorial e que tivese competencias para incidir na ordenación do propio territorio. Con este anteproxecto de lei nada de nada, todo o desenvolvemento, toda a ordenación do territorio, a área metropolitana terá que facelo sempre a través do control dunha comisión de ordenación do territorio e a través do control das propias directrices de ordenación do territorio que marca a Xunta de Galicia. Directrices de ordenación coas que o BNG está en contra porque, entre outras cousas e para non me estender moito, nin sequera cita, nin sequera regula o que son as parroquias ou as comarcas, algo fundamental na futura ordenación do noso territorio.

Daquela o Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Partido Socialista tiñamos claro que queriamos unha entidade cun claro financiamento e que non constituíse unha carga para os concellos. Este anteproxecto consolida esta carga. Non existe en todo o anteproxecto presentado ningún tipo de claridade sobre como van ser os financiamentos, as achegas a esa área metropolitana tanto pola parte da Xunta de Galicia como da propia Deputación. O único que di o anteproxecto é que se regularán a través dese comité de cooperación, a través das liñas que ese comité marque os posibles financiamentos das actividades a realizar. Polo tanto se este anteproxecto non é modificado nesta liña, ó final tanto Xunta como Deputación poderán decidir e legislar sobre cales son as propias achegas dos concellos co risco de gravar unha vez máis as arcas dos propios concellos.

Tiñamos claro tamén, tanto BNG, como PSOE, como Partido Popular, que queriamos unha área de regulación democrática e que esa área metropolitana tiña que dar resposta ás propias decisións que os cidadáns tomaron dentro dos seus concellos, é dicir, tiña que ser unha área metropolitana que dera resposta ós intereses dos gobernos lexitimamente elixidos por parte dos cidadáns. Daquela o Partido Popular estaba de acordo con iso porque repito un dato moi importante:

de catorce concellos o Partido Popular no ano 99 tiña alcaldía en dez deles.

O que pasa agora con este anteproxecto é que a asemblea da área metropolitana, órgano de debate e de decisión como pode ser o Pleno no Concello de Vigo, vai estar formada por unha serie de representantes das propias corporacións, pero se di no anteproxecto de lei que esa representación vai ser proporcional ó número de concelleiros que cada formación política ten nas propias corporacións. Aquí está a trampa. No caso de Vigo, onde hai un goberno maioritario do Bloque e do Partido Socialista porque así o quixeron os cidadáns, porque non lle deron a maioría absoluta ó Partido Popular, feito deste xeito resulta que, cos representantes que vai ter o Concello de Vigo na futura asemblea da área metropolitana, o goberno vai ter menos representación ca oposición ou cando menos e segundo as comas e que se decida redondear para enriba ou para embaixo, a mesma representación.

Se iso engadímolo ó resto dos concellos vai ocorrer que a maioría na asemblea da área metropolitana non vai estar constituída polas forzas políticas que os cidadáns decidiron que gobernasen nos seus respectivos concellos. Por que antes si se aceptaba un reparto democrático e agora non? Aí está a trampa. A grande diferenza é que agora o Partido Popular goberna en sete dos catorce concellos e en tres deles evidentemente goberna gracias á Deputación e a esas mocións de censura. Esta é a gran diferenza e por iso se blindar tamén a representación na propia asemblea.

Se este anteproxecto non se cambia o que vai ocorrer sábeno os cidadáns e cidadás vigueses e viguesas: nin máis nin menos que o que está ocorrendo coa Deputación e coa Xunta de Galicia. É dicir, a Xunta de Galicia e a Deputación van blindar a súa liña política tamén dentro da área metropolitana para favorecer, como están facendo agora, única e exclusivamente ós concellos da súa mesma cor política.

Outro dos puntos que tiñamos claros BNG, PSOE e PP daquela era que non queriamos que houbera unha administración máis. Nos tempos nos que estamos de aforro, de austeridade, de crise económica, non debemos malgastar creando unha administración paralela máis. Pois no anteproxecto de lei non se di absolutamente nada sobre cal vai ser o papel da Deputación. Iso si e que o saiban os cidadáns, no anteproxecto de lei fálase de funcionarios e funcionarias

proprios da área metropolitana, de persoal contratado, de persoal eventual, fálase de coordinadores, de directores xerais. Fálase de todo iso pero nunca se fala en todo o anteproxecto de cales van ser as transferencias reais, de como se vai baleirar de contido a Deputación para que precisamente non esteamos dobrando. Por último, nesa declaración e neses traballos, daquela tanto BNG, como PSOE, como Partido Popular tiñamos claro que queríamos un sistema claro de competencias, que a área metropolitana estruturara realmente os servizos nos que se deberían acometer todos os traballos e todos os esforzos. Pois ben, no anteproxecto de lei cítase, enmárcase que se van facer proxectos de promoción económica, de turismo e cultura, de transporte público, de medio ambiente, de ordenación do territorio, pero absolutamente sen concretar nada, todo se deixa para o futuro plan metropolitano que terá tamén que seguir as directrices desa comisión de cooperación.

En definitiva, cando o Bloque Nacionalista Galego pulou a creación dunha área metropolitana fíxoo coa firme vocación de que queríamos un ente con capacidade xurídica, un ente territorial coa competencia de ordenar o territorio e de adaptalo ás nosas necesidades, cun claro financiamento e que non fose exclusividade dos concellos o seu financiamento. Queríamos unha área metropolitana con carácter democrático que servira dalgún xeito para responder ó que os propios cidadáns democraticamente elixiron. Queríamos que non se dobraran as administracións e daquela xa o BNG viña defendendo a desaparición ou cando menos o baleirado de contidos da Deputación provincial para eses catorce concellos, para que os funcionarios, os recursos económicos da Deputación se transferiran directamente a eses concellos cunhas competencias claras, cun deseño claro de actuación. Esa era a vocación e o consenso no que nacen nese mandato do 99 ao 2003 os traballos para a área metropolitana.

Algúns, coma o Sr. Rueda e destacados militantes do Partido Popular, están a dicir que o BNG cambiou porque agora estamos en eleccións. Non, o BNG ven defendendo a mesma concepción de área metropolitana que no ano 99, a mesma que os alcaldes do Partido Popular que daquela gobernaban estaban a defender. O BNG non cambia de postura, non vai ser cómplice dunha área metropolitana que sen competencias claras, sen entidade xurídica clara se converta noutra mancomunidade de concellos porque xa estamos vendo para que serviu e para

que serve a mancomunidade dos concellos porque non hai nin financiamento, nin competencias, nin actuacións claras. Por iso quen cambia é o Partido Popular, que como sempre, cando se achegan unhas eleccións e para cubrir o expediente presenta un anteproxecto de lei que en absoluto ten que ver con esa convicción e co consenso dos catorce concellos co que naceu a área metropolitana.

SR. LÓPEZ FONT: Amosar en primeiro lugar a satisfacción dos socialistas porque estamos debatendo no Pleno do Concello de Vigo un tema de calado, un tema da importancia política deste. Era necesario este debate, é necesario coñecer as propostas de cada un dos grupos que formamos parte desta Corporación e é necesario e moi importante que os cidadáns coñezan o que di cada grupo, que di cada formación política sobre a constitución da área metropolitana.

O alcalde e os socialistas estamos sobre a base da colaboración institucional, sobre a base firme de que nesta ocasión e definitivamente si ten que haber área metropolitana. Este é un pronunciamento político de grande importancia que lle queremos trasladar á cidadanía. Evidentemente, ogallá o sexa por consenso, ogallá de toda a experiencia anterior en canto ás propostas de cada grupo poidamos sacar ensinanzas.

No Pleno de decembro eu mostraba o documento da proposta do alcalde de Vigo, a proposta dos socialistas para esta área metropolitana e é a iso aó que me quero referir. Coido que é este o momento de falar de alta política, o momento no que debemos dicir concretamente o que queremos facer. A partir de aí as formacións políticas decidirán.

O tenente de alcalde fixo un relato da situación que se produciu ata agora. Eu voume referir menos a iso porque coido que o importante é que mañá polos medios de comunicación os cidadáns saiban o que realmente propoñemos cada quen. Uns cidadáns que están expectantes diante duns servizos que coidan que se poden mellorar, que cren que se poden xestionar dun xeito conxunto nun ámbito territorial porque, aínda que non exista formalmente esa área metropolitana, na práctica si existe. Polo tanto os socialistas e máis eu coidamos que se trata de concretar, de dicir que é o que queremos e diso é do que vou tratar, o que tentarei transmitir de xeito que cada un dos vigueses, cada unha das persoas que compoñen a área metropolitana, identifíquese ou non, apoie ou

non a nosa proposta.

O fenómeno metropolitano pasa por unha solución institucional que elimine outras redes institucionais xa existentes. Esta é unha expresión categórica. Téñense que eliminar duplicidades e mesmo triplicidades. Se nós queremos constituír a área metropolitana ten que ser para que a mesma prestación de servizos, como mínimo, que hoxe está distribuída entre distintas administracións se concentre en beneficio do administrado que é o que nos debe importar.

Os 478.000 cidadáns que integran a área metropolitana de Vigo teñen que ter moi claro que administración é a que xestiona o servizo. Os tempos son difíciles e polo tanto nós, como políticos e xestores públicos, debemos acadar unha eficacia, unha eficiencia e unha rendibilidade económica na prestación dos servizos. Esta é unha condición absolutamente indispensable para nós, nin sequera a trampa dese solapamento na prestación de servizos entre unhas e outras administracións, é asumible para nós. Coidamos que os fondos públicos se deben administrar de xeito rigoroso, de xeito que realmente cheguen ós cidadáns nas mellores condicións.

Pero para que un ente deste tipo funcione é necesario definir tamén con concreción a figura dese goberno mancomunado, dun auténtico goberno con capacidade de autogoberno. Non nos podemos quedar en experimentos como se dicía antes, non nos podemos quedar en situacións nas que realmente só se cubra unha parte formal, senón que este autogoberno ten que ser real. Outras experiencias, coido que a da Mancomunidade é unha delas, amosaron claramente que por esa vía nós non podemos ir.

Nese sentido a proposta que fan o alcalde e os socialistas é moi concreta, busca un modelo menos burocrático que o que se está propoñendo por parte do Partido Popular. Busca un modelo de goberno no que realmente a capacidade do goberno estea no consello metropolitano e na xunta de goberno na que estarán todos os alcaldes da Mancomunidade. Esta é a forma de funcionar, é o que realmente nos vai levar a que logo, cando falemos do teito de competencias que teña, esta área metropolitana poida realmente ser un órgano de goberno eficaz e eficiente.

Na proposta do consello metropolitano, sendo o concello sobre o que se xera esa área metropolitana, nós non pretendemos pasar o rolo, pasar sinxelamente o criterio proporcional e lembro que Vigo en canto a poboación representa o 62%,

pero malo sería que o funcionamento dese órgano de goberno se convertese practicamente nun rolo por parte dos representantes do Concello de Vigo. É aí onde dicimos que cara un mellor funcionamento, cara unha implicación de todos, pero cara tamén a un convencemento de que se alguén debe ser xeneroso ese é Vigo, é onde facemos unha proposta de redución desta proporcionalidade e onde deberiamos ter vinte e oito membros cedemos nove delegados. Polo tanto coidamos que estamos achegando moito á hora de que todos os concellos pequenos, todos os que van compoñer a área metropolitana se sintan ben.

Para que este autogoberno se produza, sexa efectivo e chegue ós cidadáns hai un criterio imprescindible que é o da suficiencia financeira e o da súa solvencia. Non valen as ambigüidades. Nós, o alcalde e os socialistas, estamos na intención de chegaren a un acordo por consenso pero hai unha serie de cuestións que hai que definir dende o primeiro momento e o tema da suficiencia financeira e da solvencia deben ser un deles.

Dicía antes que a creación dun ente como o que estamos debatendo aquí non pode estar baseada na duplicidade das administracións, pero tampouco e tallante e negativamente a non subida de impostos nin a creación de recargas para o financiamento do novo ente. Cando dicía ó primeiro que ogallá que logo deste debate os cidadáns comprendan o que propoñemos cada un, a isto me refería. Os cidadáns saben que cando se procede á creación de novas administracións teñen a mosca detrás da orella, como diríamos coloquialmente, de que é posible que isto lles custe máis. Isto ten que ser unha máxima imprescindible á hora de negociar un texto, a maior máxima ten que ser que isto non lles custe absolutamente nada ós cidadáns, moi ó contrario. O alcalde neste ánimo de debate e construtivo, nas xornadas que se realizaron a semana pasada fixo unhas declaracións dicindo que se podía aforrar un 20% na prestación destes servizos. Non dixo unha cantidade por dicir, foi produto do debate que se deu nesa xornada, foi produto das experiencias tanto de O Porto como de Barcelona e ogallá se puidera aforrar máis, ogallá nese sentido o alcalde se quedara curto e se puidera aforrar máis, pero a pretensión ten que ser nin un céntimo máis de gasto para os cidadáns e todo o máximo que se poida aforrar.

Polo tanto, cando falamos de solvencia financeira e dos fondos dos que se debe nutrir a área metropolitana, tamén somos categóricos dicindo que isto non pode

ser unha comunidade de veciños na que proporcionalmente aportamos cada concello a nosa parte, quedamos aí e o administramos, categoricamente non. Estamos a falar duns servizos que hoxe se están xestionando, de que eses servizos teñen o seu financiamento, as súas partidas orzamentarios e de que de toda aquela competencia que se decida que pase á área metropolitana de Vigo doutras administracións, basicamente Deputación provincial de Pontevedra e Xunta de Galicia, ten que ser transferido o servizo e a súa dotación económica. Isto é incuestionable para nós, é unha máxima que coido que entenden todos os cidadáns.

Polo tanto, unha vez definido por consenso cales son as materias competencia desta área metropolitana, tense que producir previamente a correspondente transferencia. Este é un punto que non admite discusión e que non nos pode chamar a ninguén nin a engano nin a sorpresa. Sinxelamente este foi o sistema que se utilizou nas transferencias ás comunidades autónomas dentro do Estado das autonomías que hoxe ten o Estado español. Algunhas transferencias foron máis fáciles de facer ás comunidades autónomas, outras foron máis difíciles precisamente pola valoración económica, pero sempre se tivo necesariamente que chegar a un acordo no que paralelamente se daba a transferencia, se dicía que a administración á que se transfería se encargaría dos servizos, pero os funcionarios, a dotación orzamentaria, os edificios e a dotación económica queda aí.

Polo tanto nese sentido tamén imos ser absolutamente inflexibles no sentido de estaren a favor da área metropolitana pero que os cidadáns saiban que non lles vai custar nada. As formas de financiamento débense definir sen ambigüidades. Se comezaba dicindo que falaría en positivo, eu non vou facer unha batalla do que se propón, ó final cada un temos o noso texto e evidentemente nós discrepamos do texto que se presentou pola parte da Xunta de Galicia, pero este tema ten que quedar suficientemente nítido, non pode quedar ningunha ambigüidade para que os cidadáns saiban que isto non lles suporá ningún incremento.

Sobre as materias que debe e pode levar a cabo a área metropolitana de Vigo os socialistas somos ambiciosos, está no noso documento. Coidamos que todas as competencias que a Deputación provincial de Pontevedra xestiona na cidade de

Vigo e nos concellos que compoñan a área metropolitana, pódense xestionar dende esta. Os socialistas somos ambiciosos nese teito de competencias. Non abonda coas competencias clásicas, tópicas que sempre barallamos nos documentos, senón que se poden incluír outras. Somos ambiciosos porque este goberno, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, leva gobernando tres anos e medio e se os dous plans de Zapatero fosen de 200 en troques de 90 millóns, diríamos que si e xestionariámoslos en beneficio da cidade e de xeito eficaz.

Coido polo tanto que estas son as partes fundamentais da proposta que facemos os socialistas. Para nós a creación da área metropolitana non pode supoñer a mera creación dun ente máis, estamos xa radicalmente en contra da creación de novas prazas de funcionarios ou doutro tipo de cargo dada a situación económica na que estamos porque evidentemente non nos podemos enganar, calquera proposta nese sentido suporía economicamente un incremento do que estamos en contra tal como dicía antes.

Como hai que aprender dos que levan un longo percorrido nisto, o proxecto que presentou o alcalde de Vigo é similar ó de Barcelona onde funciona esa área metropolitana, é un proxecto similar ó de O Porto como se demostrou na xornada que se realizou e polo tanto o que queremos é que se tome como referencia, que a Xunta de Galicia que é a quen lle corresponde a iniciativa legislativa teña en conta as alegacións que presentamos, dentro dese concepto de lealdade institucional, que teña en conta ó que estamos dispostos porque coido que nese sentido eu, dende o Grupo socialista recoñézolle que o alcalde de Vigo estivo á altura das circunstancias para se poñer a favor de algo que os cidadáns reclaman e cunha proposta moi concreta.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: No último Pleno o noso voceiro salientou a necesidade de realizar no Concello de Vigo un Pleno extraordinario sobre a área metropolitana e hoxe realizámolo.

O primeiro que este Grupo municipal do Partido Popular quere declarar en relación coa área metropolitana de Vigo é unha afirmación rotunda e clara: estamos a favor da creación desta área e queremos que se aprobe a lei de creación da área metropolitana de Vigo.

Tamén temos que dicir que o Partido Popular estivo sempre a favor da súa creación, apoiou todos os proxectos legislativos, todos os textos legislativos que no Parlamento de Galicia se presentaron para tramitar a creación da área metropolitana de Vigo.

Coidamos que a área metropolitana é un reto e unha aposta para a nosa cidade, un dos grandes retos do Vigo do século XXI e por iso vemos con satisfacción como o goberno da Xunta de Alberto Núñez Feijóo reinicia os traballos de creación da área metropolitana suspendidos durante catro anos.

Por iso é importante este Pleno e por iso o noso voceiro indicou a necesidade de realizar este Pleno extraordinario porque é necesario clarificar a postura de cada grupo municipal deste Concello en relación coa área metropolitana e co anteproxecto de creación desta área que elaborou o goberno da Xunta do Partido Popular. É necesario coñecer se estamos a favor ou en contra da posta en marcha da área metropolitana e se apoiamos ou non o anteproxecto de lei.

Como xa dixemos ó primeiro da nosa intervención, o Grupo municipal di si a área metropolitana e por iso apoia este anteproxecto de lei para a súa creación que redactou o goberno de Alberto Núñez Feijóo.

Este anteproxecto veu precedido dun traballo que demostrou a vontade política da actual Xunta de Galicia de lle dar a Vigo e á súa área unha lei de creación porque non sempre foi así.

Nos anos de goberno bipartito a área metropolitana non formaba parte da axenda política nin da Xunta bipartita, nin do PSOE, nin do Bloque. Neses catro anos non houbo nin unha soa comparecencia no Parlamento de Galicia dun conselleiro para falar da área metropolitana, para explicar o que se estaba a facer sobre a área metropolitana, se é que algo se estaba a facer. Nos catro anos de goberno bipartito non coñecemos nin un anteproxecto, nin un borrador, nin un texto sobre a lei da área metropolitana de Vigo. Non existía vontade política de crear esta área. O único que coñecemos foi o intento do conselleiro de Presidencia, Sr. Méndez Romeu, de substituír a área metropolitana por un consorcio para obviar os problemas do traspaso de competencias, coma el mesmo dicía. Iso afirmábao o conselleiro de Presidencia nunha carta á alcaldes de Vigo para xustificar a degradación da área metropolitana nun mero consorcio de servizos sen ningunha competencia propia.

Neses catro anos de goberno bipartito, PSOE-Bloque, que supuxeron unha paralización dos traballos e unha intencionada rotura dos consensos, as únicas voces que seguían defendendo a creación da área eran as dos veciños, as das entidades de Vigo e as do Partido Popular. A pregunta que nos podemos facer é, por que PSOE e Bloque gobernando na Xunta durante catro anos non presentaron nin un proxecto, nin un borrador, nin un anteprojecto, nin sequera un texto de traballo?

Pero iso afortunadamente xa é pasado e agora temos que falar de futuro e sabemos que as área metropolitanas concentran máis do 60% da poboación da Unión Europea e que nalgunhas a realidade económica e social que supón a área metropolitana transformouse nunha realidade xurídica. Iso é o que trata de acadar este anteprojecto de lei, que a realidade xurídica se adapte ó que é hoxe a realidade económica e social.

A futura lei da área metropolitana é o traballo que está a realizar o goberno da Xunta presidida por Alberto Núñez Feijóo nese sentido. Hoxe, cun ano e medio de goberno de Alberto Núñez Feijóo, temos un anteprojecto de lei de creación da área metropolitana de Vigo, un texto público, un texto coñecido que está aberto ás alegacións dos concellos involucrados, das institucións e dos colectivos sociais.

O outro día nun medio de comunicación sinalábase que eran cen as alegacións presentadas o que demostra o carácter aberto e de participación dun proceso no que antes da súa elaboración definitiva como proxecto de lei, escóitase e pídese a participación de todos. Esta si é a forma de poñer en marcha o proxecto de lei da área metropolitana.

Dende o Grupo municipal do Partido Popular non só amosamos o noso apoio ó anteprojecto de lei, senón que tamén ó proceso de participación na súa elaboración. Ese texto toma como base o proxecto de lei do ano 2005 e mellóralo. Non só é máis completo dende o punto de vista das competencias substantivas, senón tamén mellora o texto do ano 2005 dende un punto de vista normativo e actualízao.

A ordenación urbanística será un dos eixes vertebradores estruturais da área metropolitana. Así o artigo 22 do anteprojecto atribúe a área metropolitana a aprobación do plan territorial integrado metropolitano. No artigo 23 atribúe á

área metropolitana a cualificación de incidencia supramunicipal dos plans e proxectos sectoriais. Incorpora outras competencias como a de promoción cultural, os servizos sociais, a xestión medio ambiental, emprego, etc.

A institucionalización da área metropolitana ten o obxectivo de mellorar a eficiencia e a eficacia das administracións públicas que actúan no contorno metropolitano para garantir uns servizos públicos de calidade, para que a organización territorial e administrativa se converta nunha ferramenta efectiva ó servizo da eficiencia na xestión e no benestar dos cidadáns de Vigo e da súa área.

Tres son as potencialidades que integran unha iniciativa como a da área metropolitana: a racionalización administrativa, o respecto á autonomía local e o impacto estratéxico global.

Pero a área debe ser tamén solvente e viable, realista na súa implementación e ambiciosa nos seus obxectivos. Así o acredita o estudo de viabilidade económica da área metropolitana que sinala o importante aforro económico que derivará desta racionalización administrativa.

En materia de financiamento o anteproxecto establece un sistema regrado e coherente que non suporá un maior gasto nin para os concellos, nin para a facenda autonómica, é dicir, non suporá un maior gasto para os cidadáns. Trátase de empregar o mesmo diñeiro co que xa se conta, os mesmos euros dun xeito máis eficiente como o indicou ese estudo de viabilidade elaborado polos profesores da Universidade de Vigo.

Estamos nun momento fundamental. A área metropolitana, logo de catro anos de abandono polo goberno bipartito do PSOE e Bloque, coma a Ave Fénix renace das súas cinzas, volve estar outra volta en marcha.

Diante desta oportunidade histórica que ten Vigo o que queren os vigueses e viguesas é que non a perdamos, que por diferencias ou enfrontamentos políticos, por non seren a Xunta da mesma cor política que este goberno local, deixemos de aproveitar esta oportunidade. Ese é un dos grandes retos de Vigo para o século XXI. Agora temos unha Xunta de Galicia que a quere poñer en marcha. Non seremos capaces de empurrar todos para que este proxecto sexa unha realidade? As ambicións partidistas nos van querer levar malograr este proxecto? Dende o Partido Popular non queremos, estamos a traballar para que a área

metropolitana de Vigo sexa unha realidade e un éxito, non queremos buscar excusas para a paralizar.

Algúns buscan excusas nas deputacións, algo que hai algúns anos nin o pensaban e agora parece que o atranco é a existencia das deputacións, existencia que como a das comunidades autónomas ven determinada pola nosa Constitución e sen modificala non se poden suprimir as deputacións. Insisto en que soa a excusa. Hai uns anos as deputacións non eran ningún problema, pero sen modificar a Constitución non se poden eliminar, sería inconstitucional como sinalou de xeito reiterado o Tribunal Constitucional. Se queren presenten unha reforma da Constitución e segan as canles legais, pero non empreguen a excusa das deputacións para se opoñer á creación da área metropolitana. Temos un exemplo moi claro, a creación da área metropolitana de Barcelona non supuxo a desaparición da Deputación de Barcelona.

Algúns buscan tamén outras excusas, falan dos custes. Insistimos en que se trata de empregar os mesmos euros de xeito máis eficiente e sen maior custe para os cidadáns. Iso é posible.

O Partido Popular non quere buscar excusas, non o facemos agora nin o fixemos cando a Xunta non era da cor política do Partido Popular porque a área metropolitana é demasiado importante para tentar facer dela un instrumento partidista.

Non é agora o momento de buscar excusas e xustificacións para dicir que non. Os tres grupos políticos que estamos aquí representados tivemos ou temos responsabilidades no goberno da Xunta de Galicia e polo tanto todos puidemos presentar o modelo metropolitano que queríamos. PSOE e Bloque xamais o presentaron, non foron quen de elaborar un proxecto de lei nin do tramitar no Parlamento. Tiveron a súa oportunidade como a ten agora o Partido Popular. Por iso agora non é o momento de excusas para dicir que non, é o momento de traballar para dicir que si á área metropolitana e si ó anteproxecto de lei de creación que presentou o goberno da Xunta de Galicia. Iso é o que dicimos dende o Grupo municipal do Partido Popular. Mágoa que xamais nos puidéramos pronunciar sobre un texto elaborado polo bipartito PSOE-Bloque porque seguro que contaría co noso apoio.

Agora si nos podemos pronunciar, agora si que xa está iniciado o proceso de

creación e queremos que remate con éxito, que os derrotistas do fracaso non triunfen outra volta en Vigo e que non sexa capaz de saír adiante a área metropolitana. Que se dea participación a todos os sectores, administracións e concellos implicados e con iso que se elabore un proxecto de lei para que, trala súa tramitación parlamentaria, se conclúa coa creación da área metropolitana de Vigo. Desexamos que sexa co apoio de todos. O texto do anteproxecto elaborado polo goberno de Alberto Núñez Feijóo é o punto de partida e o Partido Popular celebrámolo. Logo da interrupción do bipartito, neste Pleno vólvese debater sobre un texto da área metropolitana.

Sería bo que puidésemos escoitar hoxe o mesmo que escoitamos hai uns anos cando neste Pleno se falou tamén dun proxecto de lei da área metropolitana.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Comezo polo último que dixo o Sr. López-Chaves: ogallá Sr. López-Chaves puidésemos escoitar neste Pleno o mesmo por parte do Partido Popular que o que se escoitaba precisamente cando estábamos no goberno bipartito.

O Bloque Nacionalista Galego non busca escusas para nada. Non necesitamos poñer escusas porque a poboación de Vigo e de Galicia sabe perfectamente o que opina o Bloque Nacionalista Galego sobre a ordenación do territorio e sobre a lei da área metropolitana. Precisamente se no goberno bipartito non se levou adiante esa lei de área metropolitana, foi porque nós dicíamos exactamente o mesmo que lle estamos dicindo ó PP. Tampouco iamos aceptar, nin aceptamos daquela, un modelo de área metropolitana que fose un auténtico “pasar” polo tema ou un parche e por iso non queriamos o modelo do Sr. Méndez Romeu, non se podía quedar a área metropolitana nun consorcio de servizos. Por iso somos coherentes e non se chegou a un acordo no goberno bipartito porque o BNG non ía permitir o mesmo que non lles imos permitir a vostedes, exactamente o mesmo. Esa é a coherencia.

Voulle ler as tres últimas liñas da declaración de Soutomaior que coido que son moi importantes por veren quen xoga coas cores políticas. Sendo alcalde o nacionalista Lois Pérez Castrillo, presidindo esta declaración de Soutomaior, gobernando o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego puxo en marcha a lei de área metropolitana gobernando en maioría o Partido Popular nos catorce

concellos e gobernando na Xunta de Galicia. Polo tanto a nós non se nos pode acusar de estar agora por unha ou outra cor política, estamos por unha área metropolitana pero a diferenza de vostedes estamos por unha área metropolitana de verdade. Nesa declaración de Soutomaior, presida por Lois Pérez Castrillo, dise así: “O noso convencemento de que o presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, participará do liderado do proceso político que comezamos hoxe”. Non hai ningunha cor política.

Cando vostedes gobernaban na Xunta o Bloque Nacionalista Galego colaborou con esa Xunta para facer unha verdadeira lei de área metropolitana e o que pasou foi que cando vostedes levaron o anteproxecto de 2005 non se parecía absolutamente en nada a ese consenso acadado polos catorce concellos. Por iso xa daquela o BNG presentou alegacións que hoxe, miren vostedes as gañas que teñen vostedes do consenso, no anteproxecto de lei non se recollen. Miren se é ben fácil porque as alegacións do BNG non son un brinde ó sol, son catro cousas moi concretas que a cidadanía entende perfectamente.

Queremos que nos diga vostede como non vai custar máis. Díganolo hoxe porque non anteproxecto non está. Que nos diga o vicepresidente da Deputación se el está ou non de acordo con que a Deputación se baleire de contido e se transfiran recursos ós catorce concellos. Que conteste porque el é o vicepresidente e vostede, que é un deputado do Partido Popular, conteste aquí tamén se vostede está de acordo con que a Xunta blinde á Deputación e manteña un poder político que vai manter sobre esta área metropolitana se non cambia o anteproxecto.

O Sr. Figueroa ten que dicir hoxe aquí se quere ou non baleirar de contido a Deputación porque se di que si imos chegar a un acordo agora mesmo. Nós chegaremos a un acordo co Partido Popular agora mesmo se di que está disposto a baleirar de contido a Deputación. Se di que non, como xa está a dicir, non hai fórmula máxica, é que vostedes non cren nunha área metropolitana de verdade.

Vostedes traen este anteproxecto co obxectivo claro de que non vaia ser que agora que non teñen a maioría nos concellos, teñan vostedes un ente que poida controlar verdadeiramente a ordenación deste territorio e controlar e ordenar os servizos que esta cidade e a área metropolitana merecen e iso si que é actuar por cor política.

Esas son as tres preguntas, Sr. López-Chaves, que a min me gustaría que vostede

contestara aquí. A primeira: vostedes están de acordo con que a Deputación transfira os seus recursos á área metropolitana, si ou non?

Segunda pregunta. Vostede, como deputado, está de acordo en que esta área metropolitana non teña capacidade, autonomía propia para dirixir os traballos?

A terceira pregunta é a do millón. Sen eliminar, sen transferir as competencias da Deputación, díganos a todos como é posible que non lles custe nin un euro máis ós cidadáns esta área metropolitana?

SR. LÓPEZ FONT: Coido que o Sr. López-Chaves se confunde ás veces na súa condición de parlamentario e na súa condición de concelleiro, ás veces semella que está a facer un debate parlamentario sobre as referencias ó que se fixo ou non nos catro anos do bipartito e coido que aí o único que busca son excusas e non se pronunciar sobre cuestión concretas. Polo menos sobre as que eu presenteí en base ó documento que ten o alcalde de Vigo e os socialistas, vostedes non se pronunciaron.

Non fale de tempos nin de excusas porque todos os cidadáns de Galicia estaban convencidos de que vostedes logo de asinar determinado proxecto da Federación veciñal, logo de asegurar que tiñan un proxecto para a área metropolitana de Vigo, íano tramitar con outra celeridade cando gobernase o Sr. Núñez Feijóo. Sr. López-Chaves, o Sr. Núñez Feijóo leva gobernando dezaioito meses e non deu nin un só paso sobre a área metropolitana de Vigo. Se queremos falar en positivo facémolo e direille que o Sr. Núñez Feijóo ó final acelerou a súa proposta de proxecto de área metropolitana porque o alcalde de Vigo foi concreto na súa proposición e isto é o importante. Lémbrolle que no Pleno do mes de decembro vostede presentaba unha moción para que se puidera rematar a presentación do traballo no Parlamento o 31 de decembro de 2011.

Se vostede con isto cre que pode acusar ós demais de ambicións partidistas, de excusas ou sacar outras conclusións está bastante confundido.

Eu fágolle unha pregunta. A sociedade ten problemas, vostedes pretenden gobernar no goberno central. Vai tardar tanto Mariano Rajoy se mañá hipoteticamente fose presidente de goberno en tomar determinacións como o que tardou Núñez Feijóo en propoñer unha área metropolitana?

Sr. López-Chaves, coido que se queremos converter este Pleno do Concello de

Vigo de verdade nun centro de debate sobre o que queremos facer cada quen coa a área metropolitana, debe pronunciarse e dicir o que pensa cada grupo político sobre o tema.

Nós non temos ningunha excusa. Mostraba isto o outro día e aínda que xa saíu nos medios de comunicación, vólvoos mostrar: este é o proxecto do alcalde de Vigo e dos socialistas para a área metropolitana. Vostedes cando gobernan con maioría absoluta non son moi dados a aceptar as propostas de emenda que se presentan dende a oposición. A estatística e a vontade política dio, xa veremos a proba do algodón porque en moitos concellos se ían presentar moitas alegacións ó texto que fixeron vostedes e ó final quen con maior concreción e en base á intervención que facía anteriormente e quen propuxo cuestións moi concretas sobre o texto presentado por vostedes que é o mecanismo normal, foi o Concello de Vigo.

Polo tanto, Sr. López-Chaves, todos podemos falar da evolución da historia con respecto a este tema pero non lle negue a este goberno que quere área metropolitana, non diga que está buscando excusas, nin que se está amparando en cuestións partidistas. Non utilice ese tema porque fixemos un pronunciamento moi claro de que queremos área metropolitana pero lles corresponde a vostedes. Eu podería falar das excusas que vostedes mantiveron para durante dezoito meses non presentar o texto que semellaba que tiñan para o día seguinte.

Estamos no período construtivo, nun período no que os socialistas fixemos un traballo moi serio e estamos dispostos a discutir absolutamente de todo e iso plasmámolo nas alegacións. Pero son vostedes e o grupo parlamentario de Galicia quen teñen que demostrar o verdadeiro carácter negociador, a verdadeira vontade política de que esta área metropolitana teña finalmente a súa configuración como tal.

É vostede un experto en dar determinadas explicacións sobre como se vai financiar ou como se vai constituír ou polo menos o pretende. Como dicía anteriormente ten que ser un texto que non teña ambigüidades, a responsabilidade correspóndelles a vostedes.

Este goberno municipal quere área metropolitana. Depende de vostedes.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Alegrámonos de que por fin este goberno municipal

queira a área metropolitana.

Antes rematei dicindo que ogallá os partidos políticos dixeran aquí o mesmo que dixeron hai uns anos no Pleno deste Concello do 29 de novembro do ano 2004, intervención de Lois Pérez Castrillo: “Estes son os aspectos que cremos que quedan por definir no debate parlamentario que de ningún modo queremos substituír porque é unha lei autonómica”. Apoiaba e remitía ó debate parlamentario a tramitación da lei e non se opoñía dende o Concello de Vigo. Daquela a intervención do PSOE co Sr. Calviño Rodríguez foi: “Queremos facer unha intervención de apoio entusiasta ó que supón esta lei”.

Moito cambiaron o Bloque e o PSOE neste tema. Durante catro anos nada presentou o goberno bipartito. Nós en dezaoto meses temos un anteproxecto. Insisto en que non presentaron nada, é como aquel famoso hendecasílabo de Sor Juana Inés de la Cruz: “É cadáver, é po, é sombra, é nada”. Nada foi o que presentou o goberno bipartito nos catro últimos anos.

Ó Bloque vaille pasar o de sempre, vai ir detrás e vai ter que rectificar logo de que o proxecto estea en marcha porque, cal é o proxecto do Bloque? En catro anos de goberno do bipartito non coñecemos nin un texto, nin un documento, nin unha proposta, non só dende a Xunta de Galicia, senón dende o Grupo parlamentario do Bloque sobre a área metropolitana de Vigo.

Sr. Domínguez Olveira, xa que nos citou persoalmente a uns que somos do grupo municipal, foi alto cargo da Xunta de Galicia e non coñecemos xamais nin un texto, nin un documento, nin un borrador, nin unha proposta non só pola parte da Xunta do Bloque, senón nin sequera do Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Non podemos saber o que había nin coñecemos as súas propostas.

Sobre o Partido Socialista coido que non todos os socialistas están conformes co que está a dicir o goberno deste Grupo municipal do Partido Socialista. Hai que ter en conta que isto é así porque Carlos González Príncipe, ex-alcalde socialista desta cidade, dicía nun artigo publicado nun medio de comunicación: “Gracias, presidente Núñez Feijóo, escribo estas palabras coma un vigués que ve por fin logrado un obxectivo institucional necesario para Vigo. Escribo tras ler o borrador do anteproxecto de lei de área metropolitana que se presentou na nosa cidade o xoves 25 de novembro polo conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, ó que

felicito polo traballo ben feito”. Conclúe: “Por iso lle dou as gracias ó presidente Núñez Feijóo, porque cumpre o que di e di o que fai”.

En canto ás deputacións insistimos en que é necesario reformar a Constitución, mesmo dio a recente Sentenza do Tribunal Constitucional en relación co Estatuto de Autonomía de Cataluña. En Barcelona a aprobación da Lei de da área metropolitana non supuxo a desaparición nin o baleirado de competencias da Deputación de Barcelona e os socialistas e os nacionalistas votaron a favor porque se aprobou por unanimidade ese proxecto de lei.

En relación coa insistencia do Bloque coas deputacións, se goberna en Lugo e na Coruña, por que participan do goberno dunha institución que queren eliminar?

O proxecto de Caballero incluía a vinte e oito municipios para a área metropolitana: “Caballero anuncia que a Xunta aproba este ano a área metropolitana con vinte e oito municipios”. Iso foi no ano 2007. Tamén en setembro do ano 2007 sae nos medios de comunicación: “Caballero afirma que só se creará a área metropolitana con vinte e oito municipios”.

Outro proxecto de Abel Caballero era o da carta de municipalidade: vinte e oito municipios e carta de municipalidade.

Sr. López Font, se antes se referiu a ese documento que elaboraron, é unha agrupación, un *mix* de textos que sacaron de varios sitios. Mesmo no artigo 1.5 dese texto legal da área metropolitana falan de concellos mancomunados. Cópíase literalmente o artigo 8 da lei de Barcelona agás o último apartado. Fan unha remisión a un artigo que resulta que é correcta no proxecto de lei de Barcelona, pero aquí non hai correspondencia con ese artigo. Ata mesmo nalgún artigo falan de Galicia cando no texto non aparece nunca. En canto a algunhas das competencias, por exemplo de Policía Local din: “Os concellos integrantes da área coordinarán os efectivos de policía local e protección civil”. Esa non é unha competencia da área metropolitana.

Polo tanto se analizásemos ese texto dende unha perspectiva de contido ten graves deficiencias que demostran que se fixo con rapidez e que non hai detrás ningún principio.

Coido que hai que traballar con esperanza e nese sentido o Partido Popular defende o apoio á lei e ó traballo para a creación da área metropolitana.

Queríamos presentar unha proposta de acordo.

A PRESIDENCIA: No seu momento. Estamos nestes momentos rematando un debate sobre a área metropolitana. Quero dicir que esta é unha cuestión do maior interese e importancia, como xa queda claro no debate. Quero dicir que neste territorio, nesta cidade e neste Concello séntese fondamente a necesidade dunha área metropolitana, séntese nas propias necesidades económicas, sociais e mesmo políticas dos municipios que circundan a área de Vigo e do propio municipio de Vigo. Pero conseguir unha área metropolitana non é unha tarefa fácil, é unha tarefa complexa, difícil e así o amosa o tempo de tramitación que leva esta idea e este proxecto no noso territorio.

Coido que sen xenerosidade política de todos os partidos, de todos os concellos e de todos os ámbitos galegos, refírome á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra, sen esa xenerosidade a área metropolitana ten un vieiro difícil.

Eu quero mostrar a miña vocación absoluta de acordo e de pacto. Absoluta e total dende posicións que reflicten unha visión da área metropolitana de Vigo, das súas necesidades de non custar recursos ós cidadáns e dende a propia eficacia.

Probablemente esta é unha ocasión histórica para facer unha administración que supere posicións decimonónicas de todas as administracións ou dunha parte das administracións que neste momento estamos a discutir.

Coido que esta ocasión débese aproveitar e seguro que todos imos ter que facer algunha renuncia a algunha das cuestións que coidamos fundamental, pero nesa renuncia seguramente está a clave da marcha conxunta.

No seu momento fíxose un proxecto unitario en todo este territorio. Coido que estamos en posición do volver atopar e por iso creo que é necesaria a responsabilidade na proposta de resolucións. Responsabilidade para que as resolucións poidan significar cando menos un primeiro paso para que en semanas e en meses sucesivos academos un anteprojecto de lei comunmente aceptado e aceptable. Por iso quero salientar a nosa vontade absoluta de chegar a acordos.

Coido que hai que saudar que neste momento nos atopamos cun relanzamento da idea de área metropolitana e hai que saber extraer os elementos positivos desa marcha porque se nos esforzamos en extraer os elementos negativos non

imos conseguir unha área con acordo.

Por iso reitero a vontade de acordo e pido e aconsello responsabilidade para que as resolucións poidan ser aceptadas de xeito colectivo polos vinte e sete concelleiros que formamos este Pleno.

Sr. López-Chaves, presentaba unha cuestión de orde?

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Presento no Pleno unha proposta de acordo cuxo texto sería: "Apoiar o anteproxecto de lei da área metropolitana que a Xunta está tramitando co gallo de que conclúa cun proxecto de lei que se presente no Parlamento de Galicia no ano 2011".

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Nós xa dixemos no anterior Pleno que a nosa vocación como sempre foi de consenso.

Se queremos realmente chegar a unha resolución aceptada por todos coido que ó longo deste debate xa se veu que semella que aquí todos estamos de acordo en algo, todos queremos a lei da área metropolitana. Partamos de aí. Hai que partir de que os tres grupos políticos estamos de acordo con que exista unha lei de área metropolitana. O que ocorre é que esa resolución que acaba de ler o Sr. López-Chaves queda claro que non se pode sacar polo que aquí se dixo no debate. Nós estamos de acordo coa lei de área metropolitana, pero non con ese anteproxecto e polo tanto, se a min me piden apoiar ese anteproxecto, non.

Eu coido que hai catro puntos fundamentais e nós temos tamén preparada unha resolución que agora entregaremos que coido que é perfectamente aceptable por todos se é que todos queremos a área. Quero lela tamén se o alcalde mo permite.

A PRESIDENCIA: Ten a palabra para ler a proposta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A nosa proposta de resolución é: "A Corporación municipal de Vigo, por unanimidade, acorda dirixirse ... que poña en marcha a lei de área metropolitana, liderando o consenso necesario coas outras forzas políticas que configuran a representación lexítima do pobo galego". Estamos de acordo todos.

“Unha lei que debe contemplar claramente: Primeiro, a capacidade xurídica da futura área metropolitana, así como a súa configuración como un ente territorial capaz de vertebrar o territorio dos catorce concellos que a formarán”. Non estamos dicindo máis que queremos unha área metropolitana con capacidade xurídica.

“Segundo: que esa lei contemple tamén un financiamento, aclarado xa na propia lei, onde se recollan xa as achegas das administracións para que non sexan os concellos en exclusividade a quen financien a futura área metropolitana”. E dicimos: “A tal efecto a lei debe recoller que os recursos da Deputación de Pontevedra se deben transferir no que afecta ós catorce concellos directamente á área metropolitana”.

“Terceiro: Que a propia lei contemple e resolva a forma de concretar os servizos mínimos necesarios que terá que acometer a futura área metropolitana”.

Son estes tres puntos que coidamos se deben contemplar na lei e que se non é así, i o que estamos dicindo é que queremos unha lei de área metropolitana que non serve.

Polo tanto, nós estamos de acordo coa proposta do Partido Popular de apoiar a creación dunha lei de área metropolitana. Non deste anteproxecto e engadiríamos unha lei que contemple estes tres puntos. Que menos.

SR. LÓPEZ FONT: Penso que se trataría de lograr un acordo sobre unha declaración que tivese un pouco a condición de avance do que debe ser o debate parlamentario do proxecto de lei de área metropolitana e do que aquí debatemos esta mañá.

A verdade é que a proposta do Sr. López-Chaves coído lembrar de memoria que basicamente se refire á moción que se presentara no Pleno anterior, penso que o debate deu moito máis, como para que concretemos un texto moito máis político que marque cal é a posición deste Concello. Vou pasar dar lectura ó texto que o Grupo municipal socialista propón que coidamos que é o resume do debate que se realizou.

Deseguido o Sr. López Font procede a ler a proposta do Grupo Municipal Socialista que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

A PRESIDENCIA: Hai tres propostas de resolución e polo tanto imos suspender o Pleno para que as estuden os grupos e se é conveniente poidamos manter algún contacto por veren as posibilidades dunha declaración conxunta.

Sendo as dez horas e trinta e un minutos, a Presidencia interrompe a sesión durante dez minutos para que os voceiros dos tres grupos políticos presenten unha proposta conxunta. Ás dez hora e corenta e dous minutos continua a sesión plenaria.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A verdade é que pensamos que este debate foi positivo e coido que quedou máis ou menos clara a postura de cada quen. Hai un punto de acordo moi importante que é que todos queremos a lei de área metropolitana e que as diferencias estriban fundamentalmente en que algúns queremos un anteproxecto que contemple e concrete moitas máis cousas das que concreta e outros están de acordo con ese anteproxecto, como neste caso ocorre co Partido Popular.

A proposta que eu querría facer aquí é que non tentemos chegar agora a unha resolución, que nos deamos un tempo determinado e que en todo caso os veceiros intenten chegar a ese acordo logo do debatido hoxe aquí. Coido que sería un camiño de polo menos tentar chegar a ese acordo. De non o facer así, dende o goberno tentaríamos chegar a esa resolución definitiva dende a parte que nos corresponde.

SR. LÓPEZ FONT: A proposta do Grupo municipal socialista é coincidente co que acaba de enunciar o voceiro do Bloque Nacionalista Galego.

Cremos que se deu un debate moi intenso sobre unha cuestión que afecta de forma política moi importante a esta cidade, coido que nos debemos sentir todos satisfeitos deste debate e de cumpriren o obxectivo que pretendíamos.

É evidente que era difícil chegar a un texto conxunto. No meu debate fixen moita mención á proposta do alcalde e é evidente que é moi difícil que cada un aceptemos a que nos propón o outro como dalgún xeito pretende o Partido Popular.

Non diría que isto é de longo percorrido pero si de percorrido suficiente como para que meditemos moito cal é a resolución por parte deste Concello. Na miña opinión persoal creo que as coincidencias son superiores ó número de diverxencias e coido que nese acto reflexivo político que debemos facer os tres grupos despois da altura do debate que mantivemos, o idóneo é que este debate remate aquí, que non se tome ningunha resolución.

Pediríalle ó Partido Popular que non sometera a votación ningunha resolución, que na liña que se apuntaba anteriormente marquemos un prazo de dez, quince días ou os que se estableza, que sexa a Xunta de Voceiros como representación dos tres grupos o marco onde se busque, dentro dunha prolongación deste debate político, un texto que poida ser realmente o que aquí debatemos, cal é a postura a data de hoxe do Concello de Vigo e que reflecta, polo menos ese sería o noso desexo, a postura dos vinte e sete concelleiros. Caso de non seren así evidentemente o goberno trataría de facer un texto.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Efectivamente, estamos de acordo en que foi un debate positivo pero para iso vimos este Pleno, a debater sobre a área metropolitana.

Queremos un acordo concreto, non queremos ambigüidades. O Partido Popular manifesta o que xa manifestou reiteradamente: que está de acordo co anteproxecto e coa súa tramitación, tramitación que deu lugar a alegacións a este proceso tanto dos concellos implicados, como de entidades sociais, veciñais, etc. É un proceso aberto e participativo que se inicia co anteproxecto e rematará nun proxecto de lei para a súa posterior tramitación no Parlamento tras desa participación de todos.

Por iso facemos unha proposta concreta, a mesma que mantivemos: apoiar o anteproxecto que levará consigo esa tramitación antes de ir ao Parlamento con participación de todos os que queiran participar e para que remate cun proxecto de lei que se presente no Parlamento.

Non queremos teorizar, non queremos ambigüidades, nin novos atrasos, nin novas indefinicións. Queremos ser concretos e prácticos para propostas concretas e claras que sexan facilmente comprensibles polos veciños e veciñas da nosa cidade.

Por iso, dende o Partido Popular insistimos en que nos atopamos na mesma postura que tiñamos antes de apoio ó anteproxecto para que se inicie a súa tramitación con participación de todos e para que remate cun proxecto de lei que se presente no Parlamento.

Por iso queremos someter a votación este acordo, porque o Partido Popular o ten moi claro: queremos que o anteproxecto se siga tramitando, que se lles dea participación a todos como se está a dar e que remate cun proxecto de lei participativo e que se debate no Parlamento onde todos os grupos que estamos aquí teñen representación.

A PRESIDENCIA: Hai dúas propostas de resolución. Unha primeira sería a que formulou o Grupo popular por escrito e unha segunda, sintetizando as exposicións que escoitamos do tenente de alcalde e do voceiro do Grupo socialista, sería algo similar como: Que a través da Xunta de Voceiros se busque un texto compartido de anteproxecto de lei de área metropolitana no prazo de quince días”.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non podemos buscar entre a Corporación un texto compartido sobre un anteproxecto que lle corresponde ó Parlamento galego. O que temos que buscar entre a Corporación é unha resolución entre todas as forzas políticas cara ese proceso que está iniciado, non cara poñernos de acordo nun anteproxecto.

A PRESIDENCIA: Unha declaración compartida. Perfecto. Polo tanto hai dúas propostas.

(No momento da votación está ausente o Sr. Conde Gil do Grupo Popular).

VOTACIÓN DA PROPOSTA FORMULADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP: Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López

Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a proposta formulada polo Grupo Popular que di: “Apoiar o anteproxecto de Lei da Área Metropolitana que a Xunta de Galicia está a tramitar, co callo de que conclúa cun proxecto de lei que se presente no Parlamento de Galicia no ano 2011”.

VOTACIÓN DA PROPOSTA CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE E DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Que a través da Xunta de Voceiros se busque unha declaración compartida sobre a Área Metropolitana no prazo de quince días.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.